



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

COMUNICACIÓN E AMBIENTE:
COBERTURA DAS CUESTIÓNS
AMBIENTAIS NA PRENSA
GALEGA NO ANO 2002

O *PRESTIGE* NA PRENSA
GALEGA NO ANO 2002

SECCIÓN DE
CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE



COMUNICACIÓN E
AMBIENTE: COBERTURA
DAS CUESTIÓNS
AMBIENTAIS NA PRENSA
GALEGA NO ANO 2002

O *PRESTIGE* NA PRENSA
GALEGA NO ANO 2002

SECCIÓN DE
CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE

Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade

Comunicación e ambiente : cobertura das cuestións ambientais na prensa galega no ano 2002 / Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade, 2004. — 73 p. ; 17 cm. — (Informes)

D.L. C-2.124-2004. — ISBN 84-95415-91-7

1. Medio ambiente. 2. Medios de comunicación social. I. Consello da Cultura Galega. Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade. II. Título

Edita: © Consello da Cultura Galega

Deseño: [BARRO, SALGADO, SANTANA]

Imprime: GRÁFICAS ATV

ISBN 84-95415-91-7

D.L. C-2.124-2004

DIRECCIÓN

MARÍA PILAR JIMÉNEZ ALEIXANDRE
CATEDRÁTICA DE DIDÁCTICA DAS CIENCIAS (USC)

INVESTIGADORES

MARTA FEDERICO AGRASO
FINS EIREXAS SANTAMARÍA
BOLSEIROS DO CCG E DPTO. DE DIDÁCTICA DAS CIENCIAS EXPERIMENTAIS (USC)

COLABORACIÓN

MÓNICA AGRAZO MARTÍNEZ
BOLSEIRA DO CCG

COMISIÓN TÉCNICA "A CIENCIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN"

FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA
COORDINADOR DA SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE
VICEPRESIDENTE DO CCG

CARLOS VALES VÁZQUEZ
DIRECTOR DO CEIDA

XOSÉ ANTONIO NEIRA CRUZ
FACULTADE DE XORNALISMO (USC)

XOSÉ ANTONIO FRAGA VÁZQUEZ
PROFESOR DE ENSINO SECUNDARIO

XOSÉ LÓPEZ GARCÍA
FACULTADE DE XORNALISMO (USC)

ASESORAMENTO

GEMMA REVUELTA DE LA POZA
VLADIMIR DE SEMIR
OBSERVATORIO DA COMUNICACIÓN CIENTÍFICA
UNIVERSITAT POMPEU FABRA

ÍNDICE

PÁXINA 9

PRESENTACIÓN

PÁXINA 11

1. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS DO ESTUDO

PÁXINA 12

2. MARCO TEÓRICO E CONTEXTO

PÁXINA 13

3. METODOLOXÍA

PÁXINA 16

4. RESULTADOS: VOLUME E DISTRIBUCIÓN DAS NOTICIAS AMBIENTAIS

PÁXINA 24

5. RESULTADOS: ANÁLISE DA PROMINENCIA

PÁXINA 32

6. RESULTADOS: APOIO GRÁFICO E ORIENTACIÓN

PÁXINA 36

7. RESULTADOS: FONTES DE INFORMACIÓN

PÁXINA 47

8. CONCLUSIÓNS

PÁXINA 50

REFERENCIAS

PÁXINA 51

APÉNDICE: O *PRESTIGE* NA PRENSA GALEGA NO ANO 2002

PÁXINA 53

1. INTRODUCCIÓN

PÁXINA 53

2. METODOLOXÍA

PÁXINA 54

3. RESULTADOS: VOLUME E PROMINENCIA

PÁXINA 60

4. RESULTADOS: ORIENTACIÓN, ILUSTRACIÓNS E FONTES

PÁXINA 71

5. CONCLUSIÓNS

PRESENTACIÓN

A crónica dos tempos actuais hai que procurala, no día a día, nos relatos dos xornais. Eles configuran, nunha primeira ollada, unha cultura do efémero no rápido acontecer da noticia de urxencia, da novidade do día, pero o pouso que van deixando as mesas de redacción coas liñas mestras do discurso xornalístico que queren transmitir acaban por xerar unhas representacións sociais nos cidadáns que, ao final, non só constitúen as súas referencias culturais fundamentais senón a fonte primordial da que se nutre o seu esquema de valores. Por iso, a escolca dos xornais da nosa época, tentando rescatar o pulso cultural dunha sociedade, é unha das tarefas máis urxentes e necesarias que quedan pendentes se se quere reconstruír unha historia que aínda manteña vivos os seus vencellos coa actualidade e non se converta en pura arqueoloxía. Máxime cando o acontecer nos depara sucesos como o do *Prestige*, que removeu a conciencia colectiva do país e provocou un amoreamento de novas na prensa como non se lembraba e nas que a desfeita que se achegaba ás nosas costas tiña no medio natural o seu punto de maior preocupación. A Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade do Consello da Cultura Galega, atenta a recoller aquelas manifestacións en que a ciencia e a técnica deixan as súas pegadas na sociedade galega, tiña programado para o ano 2002 unha análise das noticias aparecidas nos xornais galegos que tivesen relación coa problemática do ambiente, cando aconteceu, case ao final do período de estudo, o afundimento do petroleiro. O revulsivo que se detectou na prensa non foi só cuantitativo senón que, ao mesmo tempo, todo comezou a xirar no contorno do medio natural costeiro. Foi, por iso, un ano de estudo singular, anómalo desde o punto de vista da normalidade da mostra, pero en extremo interesante polo que vai representar na historia do medio natural galego, que terá nese ano, e no que seguiu, unha referencia permanente de como un medio natural ferido pola cobiza dos homes pode poñer en pé un pobo enteiro. Os xornais foron testemuño escrito deses feitos, e este interesante e fundamental estudo, dirixido pola catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais da Universidade de Santiago de Compostela Marilar Aleixandre, vai servir para introducirmos nese complexo mundo das relacións que se establecen entre as ciencias naturais e o medio social en que elas se desenvolven.

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Coordinador da Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade
do Consello da Cultura Galega

1. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS DO ESTUDO

Nos últimos anos, o interese social por todo o relativo ao ambiente aumentou considerablemente. Catástrofes coma a do *Prestige* amosan a gran transcendencia e repercusión que acadan algúns temas ambientais, que contribúen a espertar o interese da sociedade por estas cuestións.

Os medios de comunicación conceden cada vez máis importancia a contidos como a divulgación, protección e conservación do medio natural. Como sinalan Perales e García (1999), o xornalismo ambiental experimentou un espectacular aumento nos últimos anos, de xeito que algúns estudos amosan un incremento de artigos xornalísticos dedicados ao ambiente (Ruiz e Benayas, 1993).

Por outra banda, a meirande parte da información que reciben os cidadáns non é información directa, observada por eles mesmos, senón mediada a través dos medios de comunicación. A imaxe, pois, do ambiente entre a opinión pública é unha imaxe conformada polos medios, que subministran unha percepción negada dos problemas ambientais, identificándoos as máis das veces coa contaminación e degradación do medio, e relegando os aspectos relacionados coa conservación e xestión dos recursos naturais (Jiménez e Federico, 2001).

A Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade do Consello da Cultura Galega, consciente desta problemática, emprendeu un proxecto do que dá conta este informe, encamiñado a estudar a cobertura dos temas ambientais nos medios escritos galegos.

O estudo ten como obxectivo analizar as distintas dimensións que presentan as noticias sobre o ambiente nos xornais galegos, mediante o estudo sistemático dos textos publicados nunha mostra representativa da prensa escrita en Galicia durante o 2002. Este obxectivo xeral pode pormenorizarse en:

- Analizar a frecuencia relativa, é dicir, o tratamento cuantitativo, dos temas ambientais en conxunto e nas distintas cabeceiras.
- Identificar a prominencia, é dicir, o tratamento cualitativo, das noticias sobre o ambiente mediante a análise das portadas e dos xéneros xornalísticos.
- Analizar o tipo de apoio gráfico que presentan os textos ambientais e a súa procedencia.
- Determinar a orientación que reciben estes textos, identificando a perspectiva que nos ofrece o redactor.

- Analizar as fontes de información das noticias ambientais e a representatividade da comunidade científica como emisores primarios na divulgación destas cuestións.

2. MARCO TEÓRICO E CONTEXTO

O coñecemento público e a difusión dos resultados científicos é unha das tarefas da ciencia. Os actores que interveñen no proceso de comunicación pública da ciencia e da tecnoloxía son, á parte dos investigadores, os medios de comunicación e a sociedade no seu conxunto.

A produción científico-técnica comprende, por unha banda, a comunicación interna entre os membros da comunidade científica e, por outra, unha comunicación externa que ten como obxectivo a divulgación dos contidos científicos entre o público en xeral.

Neste proceso de divulgación os medios de comunicación desempeñan un importante papel para a construción social do coñecemento levando a cabo unha transformación do discurso cara a unha linguaxe común. Segundo Sutton (1997), na escritura dos científicos existe unha progresión dende unha linguaxe figurativa que dá sentido a novas experiencias e pon a proba novas ideas –*linguaxe como sistema interpretativo*–, cara a unha linguaxe cada vez máis descritiva que transmite información coñecida –*linguaxe como sistema de etiquetaxe*–.

A imaxe convencional da linguaxe científica e da ciencia límitase a este sistema de etiquetaxe, independente dos seres humanos, directa e literal, definida e precisa. Esta concepción tradicional da linguaxe científica contribúe a arredar a ciencia da sociedade. Como exemplo desta progresión da linguaxe cara a un coñecemento público establecido, Sutton considera a frase de William Harvey en 1628 sobre o sangue –*comecei a pensar se non podería existir un movemento, coma se fose, nun círculo*–, como indicativa dun cambio de percepción cara ao que hoxe coñecemos como circulación sanguínea.

Existen poucos estudos en Europa sobre como os medios de comunicación transmiten temas científicos á sociedade, pero algúns traballos determinan que os medios tenden a converter as noticias científicas nun espectáculo (De Semir, 2003). Referíndonos ao ambiente, traballos como o de Perales, Vilchez e Sierra (2003) apuntan tamén que a información ambiental adoita presentarse en forma de sucesos que impactan (por exemplo mareas negras) máis que como procesos, o que impide contemplar a problemática ambiental dende a súa complexidade, cos seus antecedentes e consecuencias (neste caso a dependencia enerxética do petróleo).

3. METODOLOXÍA

3.1. MATERIAIS E PARTICIPANTES

A mostra está composta por cinco cabeceiras representativas da prensa galega durante o ano 2002: *La Voz de Galicia*, *O Correo Galego*, *El Progreso*, *La Región* e *Faro de Vigo*, (ver figura 3.1). Os criterios de selección incluíron as catro provincias, o xornal de maior difusión en Galicia (*La Voz de Galicia*) e o único en galego (*O Correo Galego*). O número total de xornais revisados foi de 1524 (un 84%) sobre un total de 1815, o que se considera suficientemente representativo. Os 291 exemplares non recollidos corresponden ás cabeceiras de *El Progreso* e *La Región* durante os tres primeiros meses do ano, e a outros días en que non foi posíbel ter acceso a algúns exemplares.

Ficha Técnica	
Período analizado	01/01/02 a 31/12/02
Xornais revisados	
<i>La Voz de Galicia</i>	339
<i>O Correo Galego</i>	342
<i>El Progreso</i>	267
<i>La Región</i>	228
<i>Faro de Vigo</i>	348
Número de xornais revisados	1524
Número total de rexistros	8084

Figura 3.1

O estudo foi realizado no Departamento de Didáctica das CC. Experimentais da USC por Marta Federico Agraso (lic. en Bioloxía) e Fins Eirexas Santamaría (lic. en Xeoloxía), baixo a dirección da Dra. María Pilar Jiménez Aleixandre, e co asesoramento do equipo redactor do *Informe Quiral*, da Universitat Pompeu Fabra.

3.2. RECOLLIDA DE DATOS

O proceso comeza coa identificación e separación de todas as noticias ambientais aparecidas durante o 2002 nas cabeceiras revisadas. O segundo paso é confeccionar unha base de datos mediante o programa Claris FileMaker Pro, indexando todos os textos xornalísticos sobre ambiente

nunha folla de rexistro (ver figura 3.2). Esta folla de rexistro foi elaborada no marco do proxecto, tomando como modelo a empregada no *Informe Quiral* da Universidade Pompeu Fabra sobre o tratamento da información sanitaria nos medios, e modificada para axeitála ás características propias (trátase de información ambiental) e obxectivos do estudo.

A unidade de análise é o texto xornalístico sobre calquera tema relacionado co ambiente, incluíndo os textos publicitarios e excluindo os "breves". Cada texto queda recollido na folla de rexistro por medio de 17 campos, identificativos ou descritivos:

Modelo de rexistro e campos
Campos identificativos
Título, subtítulo e antetítulo
Nome da publicación
Nome do suplemento
Sección do diario
Data da publicación
Campos descritivos
Autor e crédito
Número de textos vencellados á noticia
Tópico xornalístico
Área temática
Descritores ou palabras clave
Aparición na portada do diario (si/non)
Aparición na portada do suplemento (si/non)
Xénero Información
Xénero Interpretación
Xénero Opinión
Xénero Publicidade
Fontes de información (n.º total)
Fontes "Revistas"
Fontes "Outros Medios" e "Axencias de Prensa"
Fontes "Voces Expertas" e "Axentes Sociais"
Fontes "Institucións"
Ilustracións
Orientación

Figura 3.2

- Campos identificativos: Aspectos referidos á localización e á identificación da noticia, isto é, o título, o autor, o xornal e a sección en que se encadra e a data de publicación.

- Campos descritivos: Fan referencia ao contido e ao tratamento xornalístico da noticia. O contido vén determinado polo tópico, a área temática e os descritores (palabras clave), mentres que o tratamento vén indicado polos campos de aparición na portada, xénero, fontes de información, tipo de ilustracións e orientación, que poden conter diversas variables.

O deseño desta base de datos documental permite realizar buscas selectivas referidas a calquera campo ou campos, e mesmo a unha ou varias variables de campo.

3.3. ANÁLISE DOS DATOS

Unha vez recollidos os datos, procedeuse á análise guiada polos obxectivos da investigación. En primeiro lugar descríbese en termos cuantitativos a presenza das cuestións ambientais na prensa galega durante o 2002, no seu conxunto e por cabeceira. Dese-

Figura 3.2

Modelo de rexistro e campos (continuación)		Xénero Interpretación
ÁREA TEMÁTICA		Reportaxe
		Crónica
		Entrevista
DEGRADACIÓN DO MEDIO		Xénero opinión
100 Contaminación (xeral)		Editorial
110 Medio contaminado (auga, solo, atmosfera, chuva ácida...)		Artigo
111 Axente contaminante (fábricas, carburantes, doméstica...)		Columna
120 Cambios atmosféricos		Comentario
121 Cambio climático		Cartas ao director
122 Capa de ozono (adelgazamento)		Viñeta gráfica
130 Impacto ambiental de obras/instalacións		Xénero publicidade
CONSERVACIÓN / XESTIÓN DOS RECURSOS		Directa
210 Conservación animais e vexetais		Publirreportaxe
211 Xestión dos recursos do mar		Xénero publicidade
212 Incendios forestais		Directa
213 Perda de variedade específica / monocultivos		Publirreportaxe
214 Alimentos		Xénero publicidade
220 Auga		Directa
230 Solo		Publirreportaxe
240 Recursos enerxéticos: combustibles fósiles		Orientación
RESIDUOS SÓLIDOS / LIXO		Científica
310 Dilapidación de recursos		Política
301 Recollida selectiva		Económica
302 Vertedoiros incontrolados		Saúde
OUTROS		Etico/social
410 Despoboamento / descenso da natalidade		Educativa
420 Urbanismo		Catástrofe
430 Concienciar		Lexislativa
		Outra
Ilustracións		
Fotografía/Retrato		
Infografía		
Mapa/Gráfico		
Outros		

guido, realízase unha análise cualitativa dos datos en función dalgúns indicadores que como a prominencia, o tipo de ilustracións e o enfoque (orientación) das noticias dan unha idea de como se presentan as cuestións ambientais nos medios. A continuación analízanse as fontes de información para indagar cales son as voces de autoridade na transmisión da información ambiental e cal é a representatividade da comunidade científica neste proceso.

A excepcionalidade da catástrofe ambiental provocada polo *Prestige* levou a un tratamento específico deste suceso nun estudo de caso recollido ao final do informe.

4. RESULTADOS: VOLUME E DISTRIBUCIÓN DAS NOTICIAS AMBIENTAIS

4.1. VOLUME DE REXISTROS

Neste apartado realízase unha análise cuantitativa tanto da evolución do número de rexistros ao longo do ano como da distribución por cabeceira. De xaneiro a decembro de 2002, os cinco xornais seleccionados publican 8084 textos sobre temas ambientais. Cómpre subliñar que nos tres primeiros meses do ano 2002 non están recollidas as cabeceiras de *El Progreso* e *La Región*.

4.1.1. VOLUME MENSUAL

No tocante á evolución ao longo do ano (ver figura 4.1), destaca un primeiro aumento significativo dos rexistros durante os meses de agosto e setembro (695 e 799), con respecto á media dos meses anteriores (511), debido fundamentalmente a causas que nós interpretamos como estacionais: o número de rexistros xerados polos *lumes* practicamente triplícase en agosto e setembro, mentres que os textos relacionados coa problemática da auga nos meses de agosto, setembro e outubro duplican a súa representación. Nestes meses, Galicia estaba a pasar por un período de altas temperaturas e ausencia de precipitacións.

Un suceso non estacional –puntual– que contribúe ao aumento do número de rexistros en agosto e setembro é a celebración en Johannesburgo do Cumio da Terra. Deste xeito, o tópico que o recolle, acordos internacionais, que usualmente acada baixo número de noticias (unha media mensual arredor de 2-3), aumenta neses dous meses a 30 e 42 respectivamente.

En novembro e decembro prodúcese o aumento máis importante no número de rexistros de todo o 2002: o 13 de novembro, un petroleiro sofre un accidente á altura de Fisterra e desencadea a

meirande catástrofe ecolóxica da historia en Galicia. O tópic *Prestige* acadou nese mes, e só dende o día 14, 743 dun total de 1170 rexistros; mentres que en decembro supón 1928 dos 2142 rexistros dese período, como se explica na análise de caso. Paralelamente, o resto dos tópicos experimenta un descenso no número de rexistros (327 en novembro e 220 en decembro), debido a que o interese mediático está centrado na cuestión do *Prestige*.

En resumo, observamos que o volume de rexistros varía ao longo do ano, incrementándose espectacularmente os dous últimos meses como consecuencia da catástrofe do *Prestige*.

Distribución dos rexistros por meses




Figura 4.1

4.1.2. VOLUME POR CABECEIRA

A distribución dos rexistros por cabeceira recóllese na [figura 4.2](#), na que se observa que son *La Voz de Galicia* con 2216 (27,4%) e o *Faro de Vigo* con 2022 (25%) os que teñen máis noticias publicadas sobre temas ambientais, entre os dous máis do 50% do total. Se comparamos as dúas cabeceiras de orientación a toda a comunidade (*La Voz de Galicia* e *O Correo Galego*) coas tres de orientación máis provincial (*Faro de Vigo*, *El Progreso* e *La Región*) obsérvase que as primeiras recollen o 43,5% dos textos (27,4% e 16,1% respectivamente), mentres que as segundas acaparan o 56,5% do total, sendo *La Región* a que menos textos publica (12,8%).

Distribución dos rexistros por cabeceira durante o 2002					
	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>O Correo Galego</i>	<i>Faro de Vigo</i>	<i>El Progreso</i>	<i>La Región</i>
Xaneiro	97	48	100		
Febreiro	46	27	57		
Marzo	90	58	91		
Abril	100	113	148	99	122
Maio	78	55	72	90	109
Xuño	140	55	112	148	108
Xullo	85	106	109	123	73
Agosto	133	115	188	160	99
Setembro	201	115	157	198	128
Outubro	126	112	100	152	89
Novembro	414	191	264	216	85
Decembro	706	305	624	320	227
TOTAL	2216 (26,4%)	1300 (16,1%)	1022 (25%)	1506 (18,6%)	1040 (12,9%)

Figura 4.2

En canto á evolución por meses ([ver figura 4.3](#)), cabe destacar sobre todo a rápida resposta que *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo* dan á cuestión do *Prestige* dende o mesmo inicio da crise en novembro, cun aumento moi significativo do número de rexistros en comparación coas demais cabeceiras, cun aumento menor.

4.2. TÓPICOS AMBIENTAIS

Baixo a denominación de "tópico xornalístico" agrúpanse rexistros correspondentes a noticias en que predomina un mesmo tema. Os distintos tópicos determínanse en función daqueles temas que

Rexistros por cabeceira ao longo do ano




Figura 4.3

xeran unha maior cantidade de textos sobre cuestións ambientais: uns son de aparición regular e interese constante (*biodiversidade, residuos, enerxías renovábeis...*), e pódense asimilar ás grandes categorías da problemática ambiental, mentres que outros amosan un marcado carácter estacional (*lumes*). Excepcionalmente inclúense tópicos de aparición ocasional, que responden a un suceso puntual de interese súbito e limitado a un determinado período de tempo (*Prestige*).

A lista dos tópicos confeccionouse de xeito dinámico á entrada dos datos durante os primeiros meses do proxecto ao ir constatando os temas recorrentes nas distintas cabeceiras. Dado o carácter máis local dalgún destes xornais (*Faro de Vigo, El Progreso e La Región*), os temas de interese, e por tanto os tópicos, tendían a unha gran diversificación e nalgúns casos non se encontraban representados en todas as cabeceiras. Foi, pois, necesario unificar tópicos e reunir baixo unha mesma

categoría a aqueles que nos distintos medios amosaban unha certa relación, para poder contar cunha lista representativa e manexábel.

Na figura 4.4 represéntanse os 25 tópicos definidos para este informe, xunto cunha breve descrición do que abrangue cada un.

Descrición dos tópicos	
Acordos Internacionais	Protocolo de Quioto, cumios (Río, Johannesburgo...)
Agricultura	Política agraria común, agricultura ecolóxica, pesticidas, fertilizantes
Auga	Abastecemento, saneamento, calidade das augas de consumo, usos da auga
Biodiversidade	Seres vivos, especies en perigo de extinción
Biotecnoloxía	Transxénicos, manipulación xenética
Dinámica Planetaria	Capa de ozono, cambio climático, quecemento global
Enerxía	Fonte de enerxía fósil, nucleares, planta regasificadora
Enerxías Renovábeis	Eólica, solar, hidráulica, biomasa, etc., minicentrales
Gandería	Vacas tolas, brucelose, razas autóctonas
Hábitats	Rede Natura 2000, espazos protexidos, variedade paisaxística
Infraestruturas	Impacto ambiental das vías de comunicación
Litoral	Recheos e paseos marítimos, bandeiras azuis, praias
Lumes	Incendios forestais
Medio Rural	Programas de desenvolvemento rural, descenso demográfico, feísmo
Medio Urbano	Antenas, contaminación acústica e lumínica, lei do solo, pragas urbanas
Outros	Tópicos con pouca representación ou rexistros de difícil catalogación, p. ex.: lexislación e xestión ambiental
Pesca e Acuicultura	Política pesqueira, reforma da PPC, paros biolóxicos, marisqueo
Prestige	Consecuencias ecolóxicas da catástrofe do Prestige
Produtos Verdes	Todo tipo de procesos e mercadorías coa etiqueta "ecolóxicos" ou "bio"
Residuos	Xestión e tratamento dos refugallos industriais, agrícolas, etc., queima de pneumáticos
Residuos Urbanos	Recollida selectiva, compostaxe e incineración, Sogama, vertedoiros incontrolados
Ríos	Acondicionamento dos leitos e marxes dos ríos, calidade das augas, limpeza das canles
Vertidos	Emisións contaminantes ao medio, accidentes
Xeorrecursos	Explotacións dos materiais xeolóxicos, canteiras, solo
Xestión Forestal	Eucaliptos, pragas forestais, usos do monte

Figura 4.4

4.2.1. DISTRIBUCIÓN DE REXISTROS POR TÓPICO

En canto á distribución por tópicos, o tópico *Prestige* é con diferenza o que máis rexistros acumula durante o 2002, (2671, o 33% do total), como se reflicte na **figura 4.5**. Deseguido os máis frecuentes son *residuos urbanos* (608, o 7,5%), *pesca e acuicultura* (544, o 6,7%), *lumes* (418, o 5,1%), *auga* (409, o 5%). Cada un dos restantes tópicos non supera o 5% do total dos rexistros.




Figura 4.5

A distribución dos tópicos máis frecuentes reflicte as principais preocupacións ambientais da sociedade galega, que parecen centrarse naqueles aspectos directamente relacionados coa actividade humana: contaminación e degradación do medio (*Prestige*), xeración de residuos (*residuos urbanos*), extracción de recursos alimenticios (*pesca*), consumo de auga (*auga*) e mesmo sucesos derivados desta actividade (*lumes*).

Tamén esta distribución dos tópicos ambientais contribúe dalgún xeito a caracterizar a sociedade galega actual. Por exemplo, tendo en conta a importancia socioeconómica do sector primario en Galicia, a preocupación ambiental relacionada coa *pesca* e a *acuicultura* (544 rexistros) é moito máis importante que a suscitada pola *agricultura* (79 rexistros), e mesmo que a *gandería* (162), malia que nos primeiros meses de 2002 estaba aínda activa a crise das vacas tolas. En canto a outros tópicos, a problemática do *ambiente urbano* xera un número de rexistros considerabelmente superior ao *medio rural* (372 fronte a 84), que se ve mesmo superado por tópicos como acordos internacionais ou dinámica planetaria, ambos os dous con 97 rexistros.

4.2.2. DISTRIBUCIÓN DOS TÓPICOS POR CABECEIRA

O *Prestige* é con diferenza o tópico máis frecuente en todas as cabeceiras. A distribución dos demais tópicos por xornal permite extraer conclusións sobre a idiosincrasia de cada medio á hora de transmitir a información ambiental.

Para os xornais de orientación a toda Galicia (*La Voz de Galicia* e *O Correo Galego*), o maior número de rexistros corresponde ao *Prestige*, aínda que con distintas porcentaxes (42,5% e 29,5% respectivamente). En ambos os dous xornais, o seguinte tópico máis frecuente é *pesca* e *acuicultura* (7,8% e 12% respectivamente), debido fundamentalmente á crise que afronta o sector pesqueiro galego pola reforma da política pesqueira común da UE. As diferenzas xorden en canto á representatividade doutros tópicos que como *residuos urbanos* acada o terceiro lugar en número de rexistros para *La Voz de Galicia* (5,1%), terceiro tamén no *Faro de Vigo* (9,4%) e segundo en *El Progreso* (10,1%) e *La Región* (10,2%), mentres en *O Correo Galego* ocupa o noveno lugar (3,5%). Neste último xornal destaca a importante presenza do tópico *hábitats* (terceiro en número de rexistros con 6,1%), unha categoría relacionada con aspectos de divulgación e protección do medio natural, que en *La Voz de Galicia* acada o undécimo lugar (2,4%).

Os contrastes na distribución dos tópicos entre as cabeceiras de orientación galega parecen deberse á aplicación de distintos criterios editoriais para tratamento da información ambiental.

No caso dos medios de carácter máis local (*Faro de Vigo*, *El Progreso* de Lugo e *La Región* de Ourense), o tópico máis frecuente segue a ser o *Prestige* (36,8%, 23,8% e 23,4% dos rexistros respectivamente). Para *El Progreso* e *La Región* o segundo tópico en número de noticias é *residuos urbanos* (10,1% e 10,2% respectivamente), que no *Faro de Vigo* acada o terceiro lugar (9,4%), despois de *litoral*. A importancia cuantitativa do tópico *litoral* para o *Faro de Vigo* (12,5% dos rexistros) débese principalmente á problemática dos recheos na ría de Vigo, tema recorrente durante todo o 2002.

Outros tópicos como *pesca e acuicultura*, que en cabeceiras como o *Faro de Vigo* e *El Progreso* acadan o cuarto e o sexto lugar en canto a número de rexistros (6,6% e 4,8% respectivamente), xeran en *La Región* moi poucos textos, co que se sitúa en penúltimo lugar (1,1%). Pola contra, para *La Región* o tópico *gandería* está moito mellor representado (quinto lugar en canto a rexistros co 5,2%) que no resto dos xornais (entre o 2,5% de *El Progreso* e o 0,9% do *Faro de Vigo*).

Os contrastes na distribución dos tópicos nos medios de carácter máis local parecen deberse máis ás peculiaridades propias dos ámbitos de difusión de cada un que a diferenzas de criterio editorial.

Distribución dos tópicos por cabeceira

	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>O Correo Galego</i>	<i>La Región</i>	<i>El Progreso</i>	<i>Faro de Vigo</i>
1	941 PRE (42,5%)	384 PRE (29,5%)	243 PRE (23,4%)	358 PRE (23,8%)	745 PRE (36,8%)
2	172 PES (7,8%)	156 PES (12,0%)	106 RUR (10,2%)	152 RUR (10,1%)	252 LIT (12,5%)
3	114 RUR (5,1%)	79 HAB (6,1%)	100 LUM (9,6%)	107 AUG (7,1%)	191 RUR (9,4%)
4	112 MUR (5,1%)	74 LUM (5,7%)	73 AUG (7,0%)	101 BIO (6,7%)	133 PES (6,6%)
5	109 LUM (4,9%)	66 BIO (5,1%)	54 GAN (5,2%)	92 MUR (6,1%)	102 AUG (5,0%)
6	87 VER (3,9%)	56 ENE (4,3%)	49 BIO (4,7%)	72 PES (4,8%)	83 MUR (4,1%)
7	83 ENE (3,7%)	47 AUG (3,6%)	40 MUR (3,8%)	71 LUM (4,7%)	71 BIO (3,5%)
8	80 AUG (3,6%)	45 MUR (3,5%)	37 REN (3,6%)	65 REN (4,3%)	64 LUM (3,2%)
9	76 BIO (3,4%)	45 RUR (3,5%)	33 HAB (3,2%)	64 HAB (4,2%)	60 VER (3,0%)
10	62 REN (2,8%)	38 OUT (2,9%)	31 VER (3,0%)	58 RES (3,9%)	50 HAB (2,5%)
11	53 HAB (2,4%)	36 VER (2,8%)	30 BTC (2,9%)	56 VER (3,7%)	39 ENE (1,9%)
12	49 RES (2,2%)	34 AGR (2,6%)	29 RES (2,8%)	40 ENE (2,7%)	39 RES (1,9%)
13	40 OUT (1,8%)	30 REN (2,3%)	23 ENE (2,2%)	38 GAN (2,5%)	35 REN (1,7%)
14	32 ACO (1,4%)	26 RES (2,0%)	23 OUT (2,2%)	32 OUT (2,1%)	24 OUT (1,2%)
15	32 PRO (1,4%)	25 DIN (1,9%)	23 XEO (2,2%)	27 FOR (1,8%)	21 FOR (1,0%)

	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>O Correo Galego</i>	<i>La Región</i>	<i>El Progreso</i>	<i>Faro de Vigo</i>
16	31 LIT (1,4%)	24 GAN (1,8%)	21 FOR (2,0%)	24 MRU (1,6%)	19 GAN (0,9%)
17	28 DIN (1,3%)	23 ACO (1,8%)	19 PRO (1,8%)	22 PRO (1,5%)	19 ACO (0,9%)
18	28 FOR (1,3%)	23 LIT (1,8%)	18 AGR (1,7%)	22 RIO (1,5%)	15 PRO (0,7%)
19	27 GAN (1,2%)	23 MRU (1,8%)	17 RIO (1,6%)	21 AGR (1,4%)	13 RIO (0,6%)
20	15 MRU (0,7%)	19 BTC (1,5%)	14 MRU (1,3%)	20 DIN (1,3%)	12 DIN (0,6%)
21	13 BTC (0,6%)	14 FOR (1,1%)	13 ACO (1,3%)	20 LIT (1,3%)	12 INF (0,6%)
22	10 INF (0,5%)	13 XEO (1,0%)	12 DIN (1,2%)	15 XEO (1,0%)	8 MRU (0,4%)
23	8 RIO (0,4%)	10 PRO (0,8%)	12 LIT (1,2%)	10 ACO (0,7%)	8 XEO (0,4%)
24	8 XEO (0,4%)	5 INF (0,4%)	11 PES (1,1%)	10 BTC (0,7%)	7 BTC (0,3%)
25	6 AGR (0,3%)	5 RIO (0,4%)	9 INF (0,9%)	9 INF (0,6%)	0 AGR (0,0%)

ACO	Acordos internacionais	HAB	Hábitats	PRE	Prestige
AGR	Agricultura	INF	Infraestruturas	PRO	Produtos verdes
AUG	Auga	LIT	Litoral	REN	Enerxías renovábeis
BIO	Biodiversidade	LUM	Lumes	RES	Residuos
BTC	Biotecnoloxía	MRU	Medio rural	RIO	Ríos
DIN	Dinámica planetaria	MUR	Medio urbano	RUR	Residuos urbanos
ENE	Enerxía	OUT	Outros	VER	Vertidos
FOR	Xestión forestal	PES	Pesca e acuicultura	XEO	Xeorrecursos
GAN	Gandería				

Figura 4.6

5. RESULTADOS: ANÁLISE DA PROMINENCIA

Para valorar cualitativamente a cobertura que a prensa galega dá ás cuestións ambientais non abonda con analizar a frecuencia dos tópicos. A importancia concedida polos medios a cada tema vén determinada tamén pola súa *prominencia*, é dicir, polo lugar que ocupa no xornal e polo seu grao de elaboración. Os criterios utilizados para avaliar esta prominencia son o número de *portadas* e a proporción de rexistros dos distintos *xéneros* (Burns *et al.*, 1995 en *Informe Quiral*).

5.1. PORTADAS

O número de portadas en que figuran as noticias sobre ambiente (ver figura 5.1) permite aproximarnos á relevancia dada por cada xornal a estas cuestións. Hai que ter en conta que un mesmo tema pode xerar varios rexistros de portada nun mesmo día.

O primeiro que cómpre destacar é o alto número de portadas que xeran as noticias ambientais (813 en 8084 rexistros), algo máis do 10% do total. Destas 813, 249 (o 30,6%) corresponden a *La Voz de Galicia*, 165 (20,3%) a *El Progreso*, 162 (19,9%) a *O Correo Galego*, 149 (18,3%) ao *Faro de Vigo* e 88 (10,8%) a *La Región*. Aínda que é a primeira vez que se fai este estudo, suxerimos que este alto número de portadas rexistrado polos temas ambientais pode deberse ao impacto mediático da catástrofe do *Prestige*. De feito, o *Prestige* aparece dende o inicio da crise e até fin de ano como noticia de saída, con grandes caracteres e fotografía na portada do *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* (neste xornal agás tres días sen foto), recibindo tamén nas outras cabeceiras un importante tratamento. Malia tratarse dun estudo sobre outro tema (saúde), o volume de portadas nos *Informes Quiral* de 2001 e 2002 é dunhas 100 por ano e xornal, superando só nun caso (*El País*) as




Figura 5.1

120, precisamente en 2001, ano en que as “vacas tolas” xeraron gran número de rexistros. No noso caso, tres dos catro xornais da mostra están por riba ou próximos aos 150 rexistros de portada, e *La Voz de Galicia* chega a 249.

Cómpre indicar tamén que non hai correspondencia entre a prominencia, referida á frecuencia de portadas por xornal, e o número de noticias ambientais que publica cada un. O xornal que máis noticias publica, *La Voz de Galicia*, non é o que maior proporción de portadas presenta (11,2% de 2216 rexistros). *O Correo Galego* coloca na portada o 12,5% dun total de 1300 rexistros. Cómpre subliñar tamén que o *Faro de Vigo* amosa unha baixa proporción de portadas (o 7,4%) con respecto ao total dos seus rexistros (2022), sendo o segundo xornal que máis noticias publica, superado mesmo por *El Progreso* (11%), cabeceira en que faltan os xornais de xaneiro, febreiro e marzo.

En canto aos tópicos que xeran máis portadas (ver táboa 5.2), obsérvase que en todas as cabeceiras o tópico *Prestige* é o máis representado tanto en número de noticias como de portadas (407

PORTADAS	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>O Correo Galego</i>	<i>La Región</i>	<i>El Progreso</i>	<i>Faro de Vigo</i>	Total
Acordos internacionais	6	9	0	0	1	16
Agricultura	0	0	1	1	0	2
Auga	7	2	6	11	8	34
Biodiversidade	4	11	2	11	3	31
Biotecnoloxía	2	2	1	0	0	5
Dinámica planetaria	2	6	2	1	0	11
Enerxía	11	6	0	2	1	20
Enerxías renovábeis	2	2	2	7	1	14
Gandería	6	0	1	2	1	10
Hábitats	4	2	1	5	4	16
Infraestruturas	0	1	0	1	1	3
Litoral	3	2	2	3	40	50
Lumes	16	8	16	7	3	50
Medio rural	0	2	0	3	0	5
Medio urbano	18	3	1	8	0	30

Outros	2	5	3	0	0	10
Pesca e acuicultura	7	4	0	4	9	24
Produtos verdes	0	0	2	2	0	4
Residuos	3	3	0	3	0	9
Residuos urbanos	7	3	3	7	21	41
Ríos	0	0	2	0	0	2
Vertidos	3	2	2	5	2	14
Xeorrecursos	0	0	1	1	0	2
Xestión forestal	1	0	1	1	0	3
Prestige	145	89	39	80	54	407
TOTAL	249 (11,2%)	162 (12,5%)	88 (8,5%)	165 (11%)	149 (7,4%)	813

Táboa 5.2

de 813, o 50%). No resto das categorías obsérvanse algunhas diferenzas significativas: así *litoral e lumes* (50 portadas cada un, o 6,1%) e *residuos urbanos* (41, o 5%) son os seguintes tópicos en canto a número de rexistros na portada, malia que *residuos urbanos* é a categoría que segue ao *Prestige* en número de noticias. Destaca tamén que *pesca e acuicultura*, sendo o terceiro tópico máis frecuente, acade o sétimo lugar por número de portadas xeradas (24, 2,9%).

Podemos ver que os tópicos que xeran máis portadas, isto é, aos que os medios conceden maior relevancia xornalística, non se corresponden en todos os casos cos máis frecuentes. Isto pode deberse a que determinadas noticias (por exemplo sobre pesca) manteñen un interese constante ao longo do ano –amosan un patrón de aparición crónico–, e por veces adoitan publicarse en páxinas interiores encadradas en seccións específicas (p. ex. marítima, economía), véndose desprazadas da portada por temas de patrón agudo. Semella, pois, que, como din Perales *et al.* (en prensa) referido á televisión, a información medioambiental preséntase frecuentemente como *sucesos* (desastres ou noticias de grande impacto) e non como *procesos*, obviando os seus antecedentes e consecuentes.

Nas distintas cabeceiras, os tópicos que aparecen máis frecuentemente na portada son os seguintes (ver táboa 5.2):

En *La Voz de Galicia* é o *Prestige* (145 rexistros de portada) o tema que merece máis prominencia, seguido por *medio urbano* (18), *lumes* (16) e *enerxía* (11). Estes temas parecen repetir un

patrón de interese súbito: *medio urbano*, pola problemática das antenas; *enerxía* polas polémica das nucleares nos meses de maio e xuño; ou un patrón estacional (os incendios do verán).

Para *O Correo Galego* o tema que figura máis frecuentemente en portada é o *Prestige* (89) e deseguido *biodiversidade* (11), *acordos internacionais* (9) e *lumes* con 8 rexistros de portada. En canto á prominencia do tópico *biodiversidade*, este xornal dedica regularmente varias noticias de dous suplementos semanais (*AFA* e *Descubrir*) á divulgación da biodiversidade, e dá conta delas na portada. Destaca tamén que un dos tópicos máis frecuentes para *O Correo Galego*, *pesca e acuicultura* con 156 rexistros, só merece 4 noticias na portada, por debaixo de *acordos internacionais* (9 portadas de 23 rexistros).

No *Faro de Vigo* os tópicos con máis portadas coinciden exactamente cos que xeran maior número de rexistros: *Prestige*, *litoral*, *residuos urbanos*, *pesca e acuicultura* e *auga*. Destaca no entanto que o número de portadas do tópico *litoral* (40) se aproxima ás xeradas polo *Prestige* (54), o que dá unha idea da prominencia que este xornal concede á problemática das rías (recheos, calidade das augas...).

El Progreso tamén amosa bastante coincidencia entre os tópicos máis frecuentes e aqueles que dan lugar a máis noticias de portada, o mesmo que *La Región*. Neste último xornal, a importancia concedida aos incendios forestais –*lumes*– (16 rexistros de portada) é maior que para os demais tópicos, achegándose tamén á do *Prestige* (39), malia que faltan tres meses (xaneiro, febreiro e marzo) por analizar.

5.2. XÉNERO

Por xénero entendemos a función xornalística que cumpre un determinado texto. Para este estudo distinguimos catro xéneros, excluíntes entre si, no que se clasifican todos os textos xornalísticos: *información*, *opinión*, *interpretación* e *publicidade*, cos seus respectivos subxéneros, tomando como modelo o esquema empregado nos *Informes Quiral*.

O xénero *información* ten como función informar sobre as cuestións de actualidade. O xénero *opinión* dar e formar opinión, sexa esta a do propio xornal (*editoriais*), as dos lectores (*cartas ao director*), as dos colaboradores (*artigos de opinión*), outras opinións vencelladas a determinadas informacións (*comentarios*), e as *viñetas*, nas que a opinión do autor se expresa graficamente. O xénero *interpretación* axuda a contextualizar e comprender un suceso a través de *reportaxes*, nas que se profunda nos detalles, antecedentes, causas ou consecuencias dunha noticia; *crónicas*, impresións referidas *in situ* por un reporteiro ou correspondente, ou *entrevistas*. Finalmente, o xénero *publici-*

dade pode aparecer nos textos como publicidade *directa* ou dun xeito máis extenso como *publirreportaxes*.

Na **figura 5.3** pódese observar que, do total de textos rexistrados, os do xénero informativo son os máis numerosos (62,9%), concordando coa principal función xornalística –a de informar–, segui-




Figura 5.3

dos polos do xénero opinión (comentarios, viñetas gráficas, cartas ao director, artigos e editoriais), co 19,5%, e polos do xénero interpretación (entrevistas, reportaxes e crónicas), co 15,3%. En último lugar atópanse os textos publicitarios (publicidade directa e publirreportaxes), co 2,3%. Será interesante comparar a evolución na distribución dos xéneros en sucesivos anos e analizar as variacións en canto á prominencia das noticias ambientais na prensa galega, pero tamén constatar diferenzas entre os distintos medios.

O volume de textos encadrados nos xéneros opinión e interpretación permite aproximarnos tamén á prominencia coa que os medios tratan os temas ambientais.

O *xénero opinión* dá conta da repercusión social que acada unha noticia e pretende promover unha reflexión crítica a partir dos diferentes puntos de vista expresados en artigos, cartas ao director, comentarios ou viñetas gráficas. Os tópicos máis opinables son *Prestige*, *litoral*, *pesca* e *lumes*. Dentro deste xénero, o subxénero máis frecuente é o de *artigos de opinión*, con máis da metade dos rexistros, seguido das *cartas ao director* (ver figura 5.3). Un trazo característico da prensa galega é a baixa presenza dos *editoriais*.

O *xénero interpretación* supón tamén un intento de contextualizar un suceso e por iso interesa un maior esforzo de redacción, sendo indicativo da maior prominencia que o medio concede ao dito evento xornalístico. Os temas que máis se interpretan, fóra do *Prestige*, son *biodiversidade*, *hábitats* e *medio urbano*. Dentro de interpretación, a gran maioría dos textos encádrase no subxénero da *reportaxe*.

A respecto da distribución do xénero por cabeceiras (ver figura 5.4) obsérvase que existen diferenzas significativas na proporción das categorías indicadoras de prominencia (xéneros opinión e interpretación). En *La Voz de Galicia* a frecuencia destes xéneros (conxuntamente un 50,3%) é algo superior á dos textos meramente informativos (46,7%). O *Faro de Vigo* tamén amosa unha importante proporción de rexistros de opinión e interpretación con respecto aos de información (33,7% fronte a 63,9%), do mesmo xeito que *La Región* (30,6% e 66,6% respectivamente). Pola contra, é *O Correo Galego* a cabeceira en que os xéneros indicadores da prominencia acadan unha menor representación (en conxunto un 24,4%), e por tanto prima a simple información (73,9% dos rexistros). *El Progreso* presenta unha distribución de xéneros moi semellante a *O Correo Galego*: 73,4% información e 25,3% opinión e interpretación conxuntamente, pero coa porcentaxe máis baixa de interpretación de todas as cabeceiras.

Xénero por cabeceira




Figura 5.4

6. RESULTADOS: APOIO GRÁFICO E ORIENTACIÓN

6.1. APOIO GRÁFICO

Na prensa escrita da actual “sociedade da información”, as ilustracións (fotografías, gráficos e infografías) constitúen un recurso case imprescindible na presentación dos sucesos xornalísticos. No entanto, a súa presenza cuantitativa nos textos non refire directamente a importancia que un medio dá a un determinado evento (ver análise da prominencia), xa que por exemplo os artigos de opinión e as cartas ao director non adoitan levar ilustracións. Trátase máis ben de indicadores complementarios da prominencia dada aos temas ambientais nos medios, xa que apuntan un maior grao de elaboración das noticias por parte destes.

Tamén os distintos tipos de ilustracións poden relacionarse con diferenzas no tratamento editorial das noticias: máis elaboradas as que inclúen infografías e/ou mapas/gráficos que as que unicamente insiren algunha fotografía de axencia.

O 60,8% dos rexistros presenta algún tipo de ilustración (ver figura 6.1), sendo as fotografías as máis frecuentes (85,2%) con moita diferenza sobre as demais categorías: mapa/gráfico (6,6%), infografía (5,4%) e outros (2,8%). Dentro desta última categoría inclúense tamén as viñetas que aparecen como apoio gráfico dentro dun texto.




Figura 6.1

Pode ser interesante coñecer a evolución que o número e a categoría das ilustracións experimenta en anos sucesivos, así como os tópicos que merecen maior apoio gráfico. En 2002, os tópicos con máis número de rexistros practicamente coinciden cos que máis elementos gráficos inclúen.

Por cabeceira (ver figura 6.2), os rexistros que conteñen algún tipo de ilustración son maioría (entre o 56,6 % e o 64%) en todos os xornais. Obsérvase tamén que o recurso gráfico máis usado por




Figura 6.2

todas as cabeceiras son as fotografías. Para as categorías de infografía e mapa/gráfico, indicadoras dun maior grao de elaboración dos textos, é *La Voz de Galicia* o xornal que fai maior uso destes recursos, e *El Progreso* o que menos. Destaca a considerábel diferenza que no uso das infografías presentan algúns xornais: mentres que *O Correo Galego* e *El Progreso* utilizan este elemento en 17 ocasións para ilustrar as noticias ambientais, *La Voz de Galicia* faíno en 146. Este xornal insire tamén numerosas viñetas como apoio gráfico dos textos, recollidas dentro da categoría de “outros”.

6.2. ORIENTACIÓN

Do mesmo xeito que os textos ambientais tratan dunha ampla variedade de temas, categorizados en tópicos, tamén poden presentar diversos enfoques. As distintas categorías de orientación veñen a precisar os distintos enfoques que poden ter os textos sobre o ambiente. Así, as noticias correspondentes a un mesmo tópico poden estar redactadas en claves diferentes: tratar o tema dende unha perspectiva científica, económica, educativa, etc. A análise da orientación, orixinal desta investigación, responde ao feito de que as cuestións ambientais adoitan ser dunha natureza complexa e responder a fenómenos de carácter multicausal (Jiménez, 1995).

Neste estudo definíronse 9 categorías (ver figura 6.3), nas que se indexan os rexistros de xeito que cada un só pode encadrarse nunha única categoría. Estas categorías son: *científica*, *política*, *económica*, *saúde*, *ético-social*, *educativa*, *lexislativa*, *catástrofe* e *outra*. Un exemplo de orientación científica é a seguinte noticia aparecida en *El Progreso* o 04/12/02: “Numerosos cetáceos se trasladan a la ría de Vigo para evitar las manchas de fuel”. Nesta noticia, unha organización dedicada ao estudo dos mamíferos mariños (CEMMA) dá conta da migración dos cetáceos fuxindo do fuel. Outra noticia, neste caso de orientación *ético-social* é a publicada no *Faro de Vigo* o 23/11/02 co titular “Voluntarios con las manos atadas”, que se refire aos atrancos burocráticos e á falta de medios dos voluntarios para colaborar nas tarefas de limpeza do fuel. Como exemplo de *catástrofe*, citamos o seguinte titular de portada de *La Voz de Galicia* o 18/12/02: “La marea negra arrasa ya más de la mitad de las playas gallegas”. Esta noticia dá conta do espectáculo desolador que ofrecían as costas dende Carnota a Camariñas coa chegada de sucesivas mareas negras.

As distintas categorías de orientación poden abranguer contidos máis amplos que os expresados pola súa denominación, de xeito que, por exemplo, as noticias recollidas na categoría *científica* inclúen tamén enfoques técnicos; as de orientación *lexislativa* a perspectiva administrativa ou institucional; e a *ético-social* os enfoques sociolóxicos ou as implicacións morais que suscita un determinado feito xornalístico.

Na figura 6.3 obsérvase que a categoría de orientación na que se encadran máis noticias é precisamente a *ético-social* (20,4%), seguida da *científica* (16,8%), a *política* (15,6%) e a *económica*

(14,7%). A orientación menos frecuente é a *educativa* (3,3%), o que é indicativo da pouca relevancia que os medios galegos conceden á perspectiva educativa do ambiente, fóra dos suplementos e seccións específicas (“La Voz de la escuela”, ou similares), nos que a propia noticia é a educación ambiental. Se comparamos este gráfico co realizado para o tópico *Prestige* (ver Informe “Prestige”, figura 4.1), obsérvase que existen moi poucas variacións en canto á orientación das noticias, polo peso que este tema ten no conxunto da mostra. De non ter en conta o *Prestige*, os textos de orientación económica serían os máis numerosos.




Figura 6.3

Tamén ao analizarmos a orientación por cabeceiras (figura 6.4) obsérvase que en todas predomina o enfoque *ético-social* (entre o 20 e o 25% dos rexistros), agás en *O Correo Galego*, onde a orientación *política* é máis frecuente (26,8%). Para o resto das categorías de orientación non se observan diferenzas significativas entre os xornais, polo que podemos concluír que as noticias sobre ambiente teñen, nas principais cabeceiras da prensa galega, enfoques bastante similares.




Figura 6.4

7. RESULTADOS: FONTES DE INFORMACIÓN

Son as persoas, entidades, documentos ou medios explicitamente citados nos textos xornalísticos os que fornecen aos redactores de información directa sobre o suceso noticiábel. A maior calidade e credibilidade dunha información está en relación co número e a relevancia das fontes en que se basea.

7.1. NÚMERO DE FONTES

Na figura 7.1 represéntase a proporción de rexistros que contan con cando menos unha fonte de información, fronte aos que non citan expresamente ningunha. Obsérvase que, para o




Figura 7.1

conxunto da mostra, as noticias ambientais con fontes (66,7%) supoñen aproximadamente os dous tercios do total, quedando un 33,3% dos rexistros sen referencia a ningunha.

Por xornais, é *O Correo Galego* o que máis recorre ás fontes para a redacción dos textos (78,2%) e *La Voz de Galicia* o que menos (58,1%). Os outros tres xornais amosan proporcións similares: entre o 66,3% e o 68,9% dos seus textos contan cunha ou máis fontes de información.

Fontes de información		
N.º de fontes	N.º de rexistros	Total fontes
2	1	21
16	3	48
15	3	45
14	2	28
13	2	26
12	4	48
11	7	77
10	6	60
9	13	117
8	33	264
7	46	322
6	109	654
5	176	880
4	278	1112
3	656	1968
2	1220	2440
1	2836	2836
Total	5395	10946

Figura 7.2

revistas, que someten esta información a unha previa elaboración.

Para o conxunto dos rexistros (ver figura 7.3) obsérvase que son as *voces expertas e axentes sociais*, con moita diferenza, as fontes de información máis citadas nos textos xornalísticos sobre cuestións ambientais (74,6%), seguido das *institucións* (16,6%) e os *outros medios e axencias* (8,3%). A aparición de referencias a publicacións periódicas e especializadas é case testemuñal (0,5%).

Por cabeceira (ver figura 7.3) constátanse diferenzas en canto á frecuencia relativa dos distintos tipos de fontes de información, que contribúen a precisar algunhas análises feitas en apartados anteriores. Concretamente, no que se refire á presenza de fontes como indicador dunha maior calidade e credibilidade das informacións e á diferente relevancia destas fontes.

Atendendo á distribución dos rexistros segundo o número de fontes (ver figura 7.2), obsérvase que a maioría dos rexistros teñen unha (o 52,5%), dúas (o 22,6%) ou tres fontes (o 12,1%), habendo poucas noticias cun número alto de fontes.

7.2. OS TIPOS DE FONTES

Para o estudo das fontes de información estableceéronse catro categorías: as *revistas*, na que incluímos publicacións periódicas, especializadas e boletíns; *outros medios e axencias de prensa*, con referencias a outros xornais e demais medios de comunicación; as *institucións*, sempre como fonte directa e non a través de voceiros; e as *voces expertas e axentes sociais*. Nesta última categoría recóllense todas as referencias ás persoas citadas como fontes de información en calquera eido (ciencia, sociedade, política), tanto os expertos/as en sentido estrito, como colectivos “non institucionais” (ONGs, asociacións, plataformas, etc.).

Os distintos tipos de fontes apuntan tamén un diferente tratamento xornalístico en canto á calidade e credibilidade da información. Deste xeito, as informacións de primeira man son as referidas polos protagonistas directos da noticia, isto é, polas *voces expertas*, que adoitan subministrar unha información máis completa e inmediata que as fontes institucionais, as axencias ou as




Figura 7.3

En todos os xornais revisados predominan as referencias ás *voces expertas*, as máis primarias e inmediatas, (entre o 65,2% e o 82,6%). Esta frecuencia é maior nos xornais cun carácter máis local, nos que tamén as referencias ao resto das categorías de fontes son relativamente máis baixas que nas cabeceiras de ámbito galego. Este feito pode deberse precisamente ás propias características duns medios que como *La Región*, *El Progreso* e o *Faro de Vigo* dedican moita atención ao seu contorno máis próximo, onde resulta máis doado o achegamento aos protagonistas da noticia.

Destaca tamén que, sendo *O Correo Galego* o xornal que presenta máis rexistros con fontes, é no entanto o medio que máis se apoia nas *institucións*, nas *axencias* e nas *revistas* como fornecedores de información e o que menos uso fai das *voces expertas*.

7.3. A COMUNIDADE CIENTÍFICA COMO FONTE DE INFORMACIÓN

Neste epígrafe pretendemos determinar cales son as *fontes de autoridade* na transmisión da información ambiental e que relevancia ten o mundo da ciencia e da investigación neste proceso. Para isto, é preciso analizar as categorías de *institucións* e de *voces expertas*, por outra banda as máis frecuentes, e onde se atopa un maior número de referencias a fontes que proceden do eido científico. Descartamos, nunha primeira análise máis xeral, as *revistas* pola súa escasa presenza (0,5% do total), o que xa é indicativo da pouca relevancia que estas publicacións especializadas (incluídas as científicas) teñen como fontes de información nos textos ambientais.

Para levar a cabo esta análise foi preciso establecer tanto para as *institucións* como para as *voces expertas* unha categorización baseándose no eido de procedencia dos emisores. Posteriormente, realizáronse buscas selectivas das referencias a cada entidade ou tipo de emisor, para cada subcategoría.

Finalmente, procedeuse a unha análise de caso para coñecer a identidade concreta de cada fonte e, deste xeito, aproximarnos a quen son os transmisores orixinais da información.

7.3.1. AS INSTITUCIÓNS

Dentro desta categoría inclúense todos os textos que citan como fonte as diversas entidades administrativas e gobernamentais, tanto españolas como estranxeiras. Para a súa análise establecéronse catro subcategorías: *administracións* (da local á europea), *centros de investigación* (CSIC, Le Cedre, NASA, laboratorios, etc.), *organismos internacionais* (ONU, UNESCO, FAO, etc.) e *universidades*.

Na **figura 7.4** represéntanse as porcentaxes de textos que presentan unha ou máis fontes correspondentes ás distintas subcategorías de institucións. Obsérvase que as fontes relacionadas co contorno da ciencia e da investigación (universidades e centros de investigación) supoñen en conxunto o 12,2% do total das fontes institucionais, lonxe da proporción que acadan as referencias á administración e ao goberno (85,9%).

Pódese concluír, xa que logo, que o mundo científico en xeral ten unha pobre presenza (como institución) na transmisión da información ambiental. En particular, destaca a escasa relevancia das universidades, cun 1,7% das citas.

Institucións




Figura 7.4

7.3.2. AS VOCES EXPERTAS

A categoría das *voces expertas e axentes sociais* recolle as referencias expresas ás persoas e colectivos sociais como fonte de información nos textos sobre ambiente. Do mesmo xeito que para as *institucións*, foron definidas varias subcategorías co fin de podermos analizar a representatividade das diferentes voces, en particular as do eido científico. Deste xeito, realizouse unha clasificación en función do contorno de procedencia da fonte: temos, así, voces expertas de *organismos oficiais* (un alcalde, unha conselleira, un ministro, dirixentes de organismos internacionais etc.), de *partidos políticos* (tanto o político/a como o propio partido), de *sindicatos e empresas*, de ONGs, doutros *colectivos sociais* (asociacións de veciños, plataformas cidadás, centros de ensino, etc.) e, finalmente, de *organismos científico-técnicos* e de *universidades*.

Na **figura 7.5** obsérvase que a maioría das *voces expertas e axentes sociais* proveñen do ámbito político-oficial (en conxunto un 58%), seguido do eido socioeconómico (ONGs, sindicatos e empresas e outros colectivos sociais, cun 27,9% en total) e, finalmente, as voces menos citadas son as que proveñen do mundo científico-universitario (14,1%).

Voces expertas




Figura 7.5

En xeral, podemos concluír que a comunidade científica ten, como fonte de información das noticias ambientais, unha presenza ben cativa: tan só representa o 12,2% das fontes institucionais e o 14,1% das *voces expertas*. Particularmente baixa é a presenza das fontes do eido universitario, que están en último lugar en canto a número de citas (un 1,7% e un 4,6%) para as dúas categorías de fontes analizadas.

7.4. ANÁLISE DE CASO: AS FONTES DO TÓPICO “BIOTECNOLOXÍA”

Para realizar unha análise de caso seleccionouse o tópico *biotecnoloxía* xa que polo seu contido (transxénicos, manipulación xenética, clonación) pode ser un dos que máis porcentaxe de referencias especializadas do eido científico presente.

As noticias sobre *biotecnoloxía* representan menos do 1% dos rexistros durante o 2002 (79 de 8084). No entanto, este tópico amosa unha das porcentaxes máis altas de noticias con fonte: un 75,9% fronte ao 66,7% do conxunto da mostra. Presenta tamén unha maior proporción de rexistros con orientación científica (50,6%, polo 16,8% de toda a base).

Fontes en Biotecnoloxía




Figura 7.6

En canto aos tipos de fontes (ver figura 7.6), destaca a relativa importancia que as *revistas*, e particularmente as do ámbito científico, teñen como referentes das informacións sobre *biotecnoloxía*, en comparación coa cativa representatividade que acadan as publicacións especializadas no conxunto da base (8,2% fronte a 0,5%, ver figura 7.3). As proporcións das *voces expertas*, as *institucións* e os *outros medios e axencias* son bastante semellantes.

Analizando os rexistros que contan cunha ou máis fontes de información, 60 de 79, o total de referencias a fontes en calquera das súas categorías é de 113, distribuídas segundo a figura 7.7. En cada categoría, as fontes procedentes do contorno da ciencia e da investigación, incluíndo universidades, están resaltadas en negra.

Pódese observar que nas categorías de *institucións* e *voces expertas*, e particularmente nesta última, aparece un número bastante considerábel de referencias a fontes da comunidade científica. Concretamente dos 67 expertos citados, 33 pertencen a centros de investigación e universidades

(case o 50%), unha proporción considerabelmente máis alta para este tópicoo que para o conxunto da mostra (14,1%, ver figura 7.4).

Á parte da ampla dispersión que amosan as *voces expertas* –as máis citadas teñen só tres referencias–, podemos concluír que este patrón de frecuencias de expertos, inusual pola súa alta proporción, contrasta coa tendencia xeral observada en toda a base de datos.

Este feito pode deberse a que o tópicoo *biotecnoloxía* está relacionado directamente co coñecemento e coa investigación científica e, polo tanto, ten unha maior participación de científicos e expertos como fontes “autorizadas” de información ca noutros temas ambientais, onde predominan as voces de xestores e políticos.

Revistas	N.º de referencias
<i>Science</i>	2
<i>Consumer</i>	1
<i>Informe da Sociedade Norteamericana de Toxicoloxía</i>	1
<i>Journal of Animal and Feed Sciences</i>	1
Total	5

Outros medios/Axencias	N.º de referencias
Colpisa	1
Efe	1
Financial Times	1
Frankfurter Allgemeine	1
Tagesspiegel	1
The Observer	1
Weltamsonntag	1
Total	7

Institucións	N.º de referencias
Parlamento Europeo	2
FAO	2
<i>Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia</i>	2
Embaixada Norteamericana na Paz	1
Comisión de Agricultura do Parlamento Europeo	1
Comisión Europea	1
Comisión Nacional de Bioseguridade	1
Comunidades Autónomas	1
Consello Interministerial de OMXs	1
Goberno de España	1
Ministerio de Defensa	1
Ministerio de Medio Ambiente	1
<i>Misión Biolóxica de Galicia</i>	1
OMC	1
OMS	1
ONU	1
OTAN	1
<i>Universidade de Adelaida (Australia)</i>	1
<i>Universidade de West (Australia)</i>	1
Total	22

Voces expertas e Axentes sociais	N.º de referencias
Juan Felipe Carrasco (responsable da campaña de transxénicos de Greenpeace-España)	3
<i>Mike Archer (director do Museo Australiano de Sidnei)</i>	3
<i>Antonio Ballester (director do equipo de micropropagación, IIAG)</i>	2
<i>Carmen Salinero (bióloga da Estación Fitopatolóxica de Areiro)</i>	2
<i>Expertos</i>	2
Greenpeace	2
Gregorio Jiménez (director xeral de Puleva Biotech)	2
Judith Lewis (directora do PMA para a rexión do leste e sur de África)	2
<i>Lluís Montoliu (biólogo do CSIC)</i>	2
Sindicato Labrego Galego	2
Action Aid Consumers International	1
<i>Akira Iritani (profesor de Bioloxía Aplicada da Univ. de Kinki)</i>	1
Allen Johnson (responsable das negociacións de comercio agrícola de EE UU)	1
Amigos da Terra	1
<i>Amparo Sebastián (directora do Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía)</i>	1
<i>Andrew Cassels (experto da OMS)</i>	1
Andrew McDonald (presidente da Asociación Brasileira do Algodón)	1
Asociacións Brasileiras do Algodón	1
<i>Avigdor Cahaner (profesor de Xenética Cuantitativa da Univ. Hebreá)</i>	1
Bashir Khanbai (deputado británico do PPE)	1
<i>Biólogos da Estación Fitopatolóxica de Areiro</i>	1
BNG	1
Bombeiro	1
<i>Carlos Sentís (Comisión Docente de Xenética da Univ. de Madrid)</i>	1
<i>Científicos do Museo Australiano</i>	1
<i>Chen Dayuan (científico chinés)</i>	1
Dagmar Roth-behrendt (eurodeputada alemá)	1
Defensores do ambiente	1
<i>Denis Bourguet (Estación do Inra)</i>	1
Donald Kennedy (director de Science)	1
Empresa AG research	1
<i>Eric Wijkstrom (experto da OMC)</i>	1
<i>Esperanza Cedrán (doutora)</i>	1

<i>Ezequiel Ezcurra (presidente do Instituto Nacional de Ecoloxía mexicano)</i>	<i>1</i>
<i>Federico Sau (catedrático de produción vexetal da USC)</i>	<i>1</i>
<i>Fernado Ponds (director dun simposio sobre OMXs)</i>	<i>1</i>
Gonzalo Fanjul (Intermón)	1
<i>Graham Brookes (autor dun estudo presentado en Bruxelas)</i>	<i>1</i>
Guillermo Vázquez (deputado do BNG)	1
<i>Investigadores da Misión Biolóxica de Galicia</i>	<i>1</i>
<i>Irving Weissman (ex-presidente da Academia de Ciencias de USA)</i>	<i>1</i>
<i>Javier Paz-Ares (xefe do departamento de Xenética Molecular de Plantas do CSIC)</i>	<i>1</i>
John Penn (subsecretario de Agricultura estadounidense)	1
José María aznar (presidente do Goberno)	1
José Bové (líder antiglobalización)	1
José Santamarta (responsable da publicación <i>World Watch</i>)	1
<i>Julio Boza (presidente da Real Academia de CC. Veterinarias de Andalucía Oriental)</i>	<i>1</i>
<i>Kathinka Evers (Comité de Ética e Responsabilidades da Ciencia)</i>	<i>1</i>
Kay McNiece (portavoz da autoridade reguladora australiana)	1
Liliane Spendeler (coordinadora da area de biotecnoloxía de Amigos da Terra)	1
Luis Pérez Carrasco (veterinario de Acuínuga)	1
Luis Villalonga (coronel da sanidade militar)	1
Marcelo Regúnaga (ex-ministro de agricultura arxentino)	1
<i>Mary Rieger (especialista australiana)</i>	<i>1</i>
Militar experto en NBQ	1
<i>Pamela Ronald (bióloga da Univ. de California)</i>	<i>1</i>
Paolo Saturnini (presidente da Asociación Cidade do Viño)	1
<i>Paul Berg (Univ. de Stanford)</i>	<i>1</i>
<i>Pilar Carbonero (catedrática de Biotecnoloxía da Univ. Politécnica de Madrid)</i>	<i>1</i>
<i>Richard Roush (especialista australiano)</i>	<i>1</i>
<i>Roderic Guigó (director do laboratorio do grupo de investigación de informática biomédica)</i>	<i>1</i>
Sandhya Tewari (Federación de Agricultores Indios)	1
Scottish Quality Salmon	1
Silvia Marsó (actriz)	1
Vicente Vilar Sanjurjo (labrego do viveiro Río Verde)	1
<i>Win Vaneck (experto do Departamento de Seguridade Alimentaria da OMS)</i>	<i>1</i>
<i>Xavier Bellés (Instituto de Bioloxía Molecular de Barcelona)</i>	<i>1</i>
Total	79

Figura 7.7

8. CONCLUSIÓNS

Este estudo, *Comunicación e ambiente: cobertura das cuestións ambientais na prensa galega no ano 2002*, ten como obxectivo analizar o papel dos medios escritos galegos na difusión da información ambiental: *que* se nos transmite, de *que* xeito –*como*– e *quen* son os emisores –as fontes– na transmisión desa información. Pretende tamén servir como referencia e fonte de consulta para a investigación e como material didáctico. A súa continuidade permitirá avaliar como evoluciona o xeito de transmitir as noticias ambientais –e por extensión dunha parte importante da comunicación científica– por parte dos medios e a percepción que a sociedade ten destes temas.

O ano 2002 está marcado, tamén informativamente, pola catástrofe do *Prestige*. Tan só este tópico acadou, dende o 14 de novembro até fin de ano, 2671 rexistros dun total de 8084 (un 33%), sendo o acontecemento de maior transcendencia mediática de 2002 (ver no apéndice o *Informe Prestige 2002*). Os outros temas ambientais poden experimentar importantes variacións en canto ao número de rexistros ao longo do ano, en función do seu carácter estacional (os *lumes* e a seca de *auga* do verán), de acontecementos puntuais (os *acordos internacionais* polo cumio de Johannesburgo), ou ben manter un patrón de aparición bastante regular.

Os tópicos máis frecuentes durante este ano, despois do *Prestige*, amosan cales son os temas que máis ocupan na prensa galega: a xestión dos *residuos urbanos*, a problemática da *pesca*, os incendios forestais –*lumes*– e o abastecemento e saneamento de *auga*, son por esta orde os asuntos que máis noticias xeran. Por iso mesmo, a relativa baixa presenza dalgúns temas (*agricultura, medio rural...*) contribúe tamén a definir a fotografía da nosa realidade social a través da imaxe que ofrecen os medios.

Precisamente, as distintas cabeceiras achegan puntos de vista diferentes no tratamento da información ambiental en función da súa idiosincrasia: as cabeceiras de carácter máis local atenden á problemática concreta do seu contorno máis próximo (*Faro de Vigo* e os recheos –*litoral*–), mentres que os contrastes nos medios de maior difusión (*La Voz de Galicia* e *O Correo*) parecen responder a diferenzas de criterio editorial.

A importancia que a prensa galega concede aos temas ambientais non vén unicamente determinada pola cantidade de rexistros xerados. Debe avaliarse tamén mediante a *prominencia* que cada medio lles concede. A aparición na portada é un dos factores determinantes desta prominencia.

En xeral, os tópicos máis frecuentes non sempre son os que xeran máis portadas. Este lugar sobranceiro adoita estar reservado a temas cuxos textos xornalísticos amosan, nun determinado

momento, unha importante repercusión ou interese social. A maior correspondencia entre os temas máis frecuentes e os que reciben maior prominencia en canto a noticias de portada dáse nas cabeceiras máis vencelladas a un contorno xeográfico restrinxido.

O xeito de presentar os temas ambientais vén dado tamén polo diferente *xénero* ou función en que se encadran. A elección do xénero indica tamén o grao de prominencia que cada medio concede a un suceso noticiábel. No conxunto dos textos rexistrados predomina a función *informativa*, aínda que algunhas cabeceiras dan aos xéneros de *opinión* e *interpretación* unha maior relevancia.

Novamente, e *Prestige* á parte, conséntase que os tópicos que máis opinións suscitan non coinciden sempre cos máis frecuentes. Tendo en conta que na prensa galega a opinión explícita do medio –a editorial– é moi pouco frecuente, os temas sobre os que máis se opina reflicten, xa que logo, que temas ambientais provocan unha maior reacción ou posicionamento por parte da sociedade galega. Estes son: *Prestige*, *litoral* (pola importante contribución do *Faro de Vigo*), *pesca* e *lumes*.

Tamén para a función interpretativa non existe unha correspondencia directa entre os asuntos sobre os que máis se publica e aqueles sobre os que máis se “traballa” xornalisticamente. Neste caso, o que se reflicte é a intención das cabeiras por profundar no tratamento de determinados temas fronte a outras cuestións que poden preocupar máis á sociedade. O feito de que sexan os tópicos *biodiversidade* e *hábitats*, dous temas con moitas pezas divulgativas, os que concitan un maior esforzo de elaboración, vén a indicar dende que perspectiva a prensa galega entende maioritariamente o ambiente.

O maior grao de elaboración das noticias vén indicado tamén pola presenza de *ilustracións* como apoio dos textos. Neste senso, a maioría dos rexistros conta con algunha ilustración, as máis das veces unha fotografía. No entanto, e dentro dos distintos tipos de ilustración, as infografía representan un valor engadido aos contidos do texto e indican un maior grao de elaboración da peza xornalística. *La Voz de Galicia* é o xornal que máis utiliza o recurso da infografía para acompañar as informacións sobre ambiente.

No tratamento das noticias ambientais tentámonos aproximar tamén ao enfoque con que os medios nolas presentan. A *orientación* dános a chave coa que os redactores expoñen un determinado suceso, aproximándonos deste xeito á *intención* coa que se presenta: fálase de ambiente por interesaren as repercusións económicas, políticas ou sociais, ou por transmitir contidos científicos, educar ou simplemente chamar a atención sobre as consecuencias desastrosas dun suceso.

A este respecto, a orientación en que se encadran os textos sobre ambiente é bastante similar en todas as cabeceiras da prensa galega. Tamén as catro categorías máis frecuentes (*ético-social, científica, política e económica*) acadan proporcións parecidas. Podemos concluír, xa que logo, que non existe unha orientación claramente dominante e que a importante proporción de textos con orientación *científica* non parece corresponderse coa baixa presenza de fontes “autorizadas” do mundo da ciencia. Semella que se fala bastante dende unha perspectiva científico-técnica pero, como veremos deseguido, non son os “expertos” deste eido, isto é, as verdadeiras *fontes de autoridade*, os principais referentes da información que se transmite.

A presenza de *fontes de información* como cita explícita nos textos ambientais achega unha maior calidade –información máis directa–, e por veces tamén credibilidade, ás informacións.

No conxunto da mostra son maioría (uns dous tercios) os rexistros con algunha fonte, e dentro destes as referencias ás *voces expertas*, as máis primarias e inmediatas, supoñen case as tres cuartas partes das citas. Moito menos frecuentes son as citas a fontes de *institucións*, a *axencias*, e pódense considerar residuais as referencias ás *revistas* especializadas.

Dentro destas categorías de fontes interesaba coñecer a representatividade que as fontes da comunidade científica e universitaria –as chamadas *fontes de autoridade*, ou *expertos* en sentido estrito– tiñan na transmisión das noticias ambientais. A maior ou menor presenza deste tipo de fontes “autorizadas” é un elemento que permite avaliar a calidade do proceso de achegamento da ciencia á sociedade.

Da análise das fontes pódese concluír que, atendendo á presenza destas nos textos e ao número de rexistros, o público pode estar informado sobre temas ambientais a través da prensa.

Outra cuestión é a calidade destas fontes. A este respecto, podemos dicir que as fontes procedentes do mundo da ciencia e da investigación quer como institucións, quer individualmente, representan unha porcentaxe moi baixa (12,2% e 14,1%, respectivamente) dos auténticos emisores, moi por debaixo das voces do eido político-administrativo. Prodúcese, xa que logo, unha perda de calidade na comunicación da información ambiental no seu conxunto, paralela á perda de *autoridade social* das voces científicas.

Deste xeito, a información sobre a ciencia e a técnica referida ao ambiente queda en xeral descontextualizada e simplificada, ao non seren os propios expertos os principais transmisores. Unicamente manteñen certa calidade as informacións referidas a temas moi especializados, verdadeiros *guetos* informativos da ciencia, como o típico *biotecnoloxía* (50% de fontes deste eido).

Será, pois, labor dos medios contar coas auténticas *fontes de autoridade* para a transmisión dos contidos ambientais, aumentando así a calidade e a credibilidade das informacións, e non restrinxir a participación dos expertos a temas moi especializados.

Pola súa banda, a comunidade científica debería esforzarse por facer máis accesíbeis os seus contidos ao público en xeral, sen prexuízo do rigor, e deste xeito colaborar á difusión do pensamento científico e polo tanto dun auténtico espírito crítico na sociedade.

REFERENCIAS

Jiménez, M. P. (1995): “Divulgación y medio ambiente”, *Política Científica* 42, pp. 45-48.

Jiménez, M. P. e Federico, M. (2001): *¿De quen é a auga?*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Observatorio de la Comunicación Científica (UPF) - Fundación Vila Casas: *Informe Quiral: Medicina, Comunicación y Sociedad* (1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001 e 2002), Barcelona. Consúltase en <http://www.quiral.org>

Perales, F. J. e García, N. (1999): “Educación ambiental y medios de comunicación”, *Comunicar* 12, pp. 149-155.

Perales, F. J., Vilchez, J. M. e Sierra, J. L. (2004): “Imagen y educación científica”, *Cultura y educación*, en prensa.

Ruiz, J. P. e Benayas, J. (1993): *Educación, crisis ambiental y desarrollo sostenible*, Málaga, Instituto de Investigaciones Ecológicas.

Semir, V. de (2003): “Medios de comunicación y cultura científica”, *Quark* 28-29, pp. 22-34.

Sutton, C. R. (1997): “Ideas sobre la ciencia e ideas sobre el lenguaje”, *Alambique* 12, pp. 8-32.

APÉNDICE ANÁLISE DE CASO:

O *PRESTIGE* NA PRENSA GALEGA NO ANO 2002

1. INTRODUCCIÓN

O informe sobre o tratamento da catástrofe do *Prestige* nos medios escritos galegos é unha parte do proxecto que, baixo a denominación *Comunicación e ambiente: cobertura das cuestións ambientais na prensa galega*, está realizando a Sección de Ciencia, Técnica e Sociedade do Consello da Cultura Galega en convenio coa Universidade de Santiago.

Aínda que as *cuestións ambientais* abranguen unha ampla variedade de temas, a transcendencia e a repercusión que a catástrofe do *Prestige* está tendo na sociedade galega, e polo tanto nos medios de comunicación, xustifica a elaboración dunha análise monográfica.

Este informe comprende unicamente os meses de novembro e decembro de 2002, comezando a cobertura informativa do *Prestige* o día 14 de novembro. Para comparar a cobertura do *Prestige* coa atención regular ás cuestións ambientais, tomouse como elemento de comparación o período de abril-maio do mesmo ano. O documento completárase coas noticias referidas ao *Prestige* no ano 2003, como un caderno monográfico.

2. METODOLOXÍA

A metodoloxía, igual que no proxecto do que forma parte, consiste en:

- Revisión diaria de cinco cabeceiras representativas da prensa galega, que abranguen, por unha banda, as catro provincias e, por outra, o xornal de máis difusión en toda Galicia (*La Voz de Galicia*).
- Indexar todos os textos xornalísticos nunha base de datos conforme á folla de rexistro deseñada para o proxecto.

A folla de rexistro para a introdución de datos foi elaborada no marco do proxecto, tomando como modelo a empregada no *Informe Quiral* da Universidade Pompeu Fabra sobre o tratamento da información relativa á saúde nos medios.

A unidade de análise é o texto xornalístico, rexistrado na base de datos por medio de 17 campos, identificativos ou descritivos. Na figura 2.1 detállanse o número de xornais revisados correspondentes ás cinco cabeceiras dos meses de novembro e decembro, así como os revisados para os meses de abril e maio, co fin de poder comparar ambos os períodos.

Cabeceiras, número de xornais e datas		
Período analizado	01/04/02 a 31/05/02	01/11/02 a 31/12/02
Cabeceiras revisadas		
<i>La Voz de Galicia</i>	51	59
<i>O Correo Galego</i>	53	56
<i>Faro de Vigo</i>	55	52
<i>El Progreso</i>	60	54
<i>La Región</i>	54	47
N.º xornais revisados	273	268

Figura 2.1

3. RESULTADOS: VOLUME E PROMINENCIA

3.1. VOLUME DE REXISTROS

O obxectivo é comparar o volume de rexistros de todas as categorías ambientais (tópicos) nun período “normal” coa produción xornalística derivada da catástrofe do *Prestige* e, deste xeito, calibrar a repercusión que no contorno mediático, e xa que logo social, está tendo este feito.

A partir da base de datos realizouse un primeiro cálculo tomando como referencia dous períodos de análise: os meses de abril e maio por unha banda (ver figura 3.1) e os meses novembro e decembro pola outra (ver figura 3.2). Pódese observar que no período novembro-decembro o

Total Rexistros Abril - Maio	
<i>La Voz de Galicia</i>	178
<i>O Correo Galego</i>	168
<i>Faro de Vigo</i>	220
<i>El Progreso</i>	189
<i>La Región</i>	231
Total	986

Total Rexistros Abril-Maio = 986





Figura 3.1

	Registros "Prestige"	Resto registros Nov.-Dec.	
<i>La Voz de Galicia</i>	941	179	
<i>O Correo Galego</i>	384	112	
<i>Faro de Vigo</i>	745	143	
<i>El Progreso</i>	358	178	
<i>La Región</i>	243	69	
Total	2671	681	3352

Total Registros Noviembre - Diciembre = 3352



número total de registros triplica aos contabilizados durante abril-maio (3352 fronte a 986). Tamén para os dos dous últimos meses do ano 2002, o tópicico *Prestige* supera amplamente o total dos restantes tópicicos: 2671 fronte a 681 registros, e case triplica o conxunto dos registros de todos os tópicicos no período abril-maio (986).

O número de registros do tópicico *Prestige* presenta diferenzas importantes entre as distintas cabeceiras. Resulta evidente que para *La Voz de Galicia* (941) e o *Faro de Vigo* (745) este tema

merece unha maior atención editorial que para o resto dos xornais (entre 243 e 384 rexistros). Mesmo *O Correo Galego*, que ten intención de orientarse ao conxunto de Galicia, presenta un número de rexistros similar a *El Progreso* e mesmo inferior ao *Faro de Vigo*, dous xornais de orientación máis provincial.

A xeito de comparación, o volume de rexistros xerado polo tópico *Vacas tolas* durante todo un ano no *Informe Quiral 2001*, que tamén comprende cinco cabeceiras, foi de 1011 rexistros.

3.2. PROMINENCIA

Trátase de avaliar a importancia concedida polos medios a cada tema, mediante o número de *portadas* que xera (ver figura 3.3) e a proporción de rexistros dos distintos *xéneros*.

3.2.1. PORTADAS


O número de rexistros na portada xerados polo tópico *Prestige* (407) fronte a todos os demais tópicos (30) para os meses de novembro e decembro dá unha idea da transcendencia mediática deste suceso. Tamén é significativo que só os rexistros do tópico *Prestige* con aparición na portada (407) superan en número á totalidade das portadas xeradas polo conxunto dos temas ambientais para o período abril-maio (52). Hai que ter en conta que un mesmo tópico pode xerar varios rexistros de portada nun mesmo día.

Un feito importante que indica a repercusión sen precedentes que para algúns medios ten o caso *Prestige* é o número de días que este asunto aparece como noticia de saída e a relevancia tipográfica que merece. Así *La Voz de Galicia* dende o 14 de novembro ata fin de ano abre cada día co *Prestige* en titulares a 4 ou 5 columnas, incluíndo tamén fotografía (agás 3 días de decembro). Así mesmo, o *Faro de Vigo* coloca o *Prestige* como noticia de saída con grandes caracteres e foto todos os días dende o comezo da catástrofe.


Portadas Prestige / Outras por xornal		
<i>La Voz de Galicia</i>	145	7
<i>O Correo Galego</i>	89	3
<i>Faro de Vigo</i>	54	4
<i>El Progreso</i>	80	15
<i>La Región</i>	39	1
TOTAL	407	30

Figura 3.3

Figura 3.3



Novembro e decembro: Portadas *Prestige*/Outros por cabeceira



3.2.2. XÉNERO



Outro indicativo da prominencia dun suceso xornalístico e a súa repercusión na sociedade é o número de rexistros dos xéneros *interpretación* e *opinión* aos que dá lugar fronte ás demais categorías de xénero. Estas categorías supoñen un intento de contextualizar a noticia pola reflexión e a opinión por medio, caso da categoría de *opinión*, dos artigos, das cartas ao director, dos comentarios e das viñetas gráficas. Tamén o xénero *interpretación* (reportaxes, crónicas e entrevistas) implica un maior esforzo das redaccións por profundar no tema e dar a coñecer os seus protagonistas, o que indica unha maior relevancia do feito da noticia.

Na figura 3.4 preséntanse as proporcións das distintas categorías (funcións xornalísticas) do campo xénero, pormenorizados se é o caso por subxéneros, para o conxunto das cabeceiras nos dous períodos de estudo. Pódese observar que a proporción de rexistros do xénero *opinión* e do xénero

Distribución por xénero


Restros abril-maio por xénero			
Información	Interpretación	Opinión	Publicidade
72,6%	13,7%	12,3%	1,4%

Tópico <i>Prestige</i> : Restros por xéneros			
Información	Interpretación	Opinión	Publicidade
1214	484	920	53



Subxéneros de OPINIÓN

- Comentarios
- Viñetas
- Cartas
- Artigos
- Editoriais



Subxéneros de INTERPRETACIÓN

- Entrevistas
- Crónicas
- Reportaxes




Figura 3.4

interpretación no período abril-maio (para todos os tópicos) é sensibelmente inferior á do período novembro-décembro (só para o tópico *Prestige*). Aínda que nos dous casos o xénero información é o máis frecuente, as diferenzas nas categorías de interpretación (13,7% fronte a 18,1%) e sobre todo opinión (12,3% fronte a 34,4%) apuntan á excepcional prominencia do caso *Prestige*.

Realizouse tamén unha análise da proporción das distintas categorías de xénero por cada cabeceira para o tópico *Prestige*, co fin de avaliar a prominencia que cada un dos medios concede a este tema (ver figura 3.5).

Obsérvase que, para as categorías indicadoras da importancia (xénero opinión e xénero interpretación), as proporcións son diferentes segundo a cabeceira. Así, no tocante ao xénero opinión, as diferenzas máis significativas danse entre *La Voz de Galicia* (42,3%) e *O Correo Galego* (17,7%). Para o xénero interpretación, as porcentaxes que presentan *La Voz de Galicia* e *o Faro de Vigo* son considerabelmente maiores que para as restantes tres cabeceiras.

4. RESULTADOS: ORIENTACIÓN, ILUSTRACIÓNS E FONTES

Neste apartado téntase analizar algunhas dimensións significativas do evento xornalístico:

- O tipo de *orientación*.
- O apoio gráfico (*ilustracións*).
- As *fontes* de información.


4.1. ORIENTACIÓN

Determina o enfoque que se lle dá ao feito informativo. Cada noticia indéxase nunha única categoría, aínda que esta pode abranguer uns contidos máis amplos que os que expresa a súa denominación. Así, dentro da orientación *científica* inclúense tamén aspectos técnicos; a *lexislativa* incorpora asemade cuestións administrativas e institucionais; e a orientación de *catástrofe* comprende noticias co acento posto nas consecuencias desastrosas dun suceso ou nos graves prexuízos derivados.



Para o tópico *Prestige* o número maior de noticias (765) corresponde a unha orientación ético/social, é dicir, ás repercusións sociais (por exemplo o aumento do desemprego) e ás implicacións éticas do suceso, caso dos textos referidos ao movemento do voluntariado, a solidariedade e mobilización social.

Prestige. Distribución do xénero por xornais

	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>Faro de Vigo</i>	<i>O Correo Galego</i>	<i>La Región</i>	<i>El Progreso</i>
Información	258	327	279	145	205
Interpretación	264	144	34	12	30
Opinión	398	253	68	83	118
Publicidade	21	21	3	3	5



- Información
- Interpretación
- Opinión
- Publicidade






Figura 3.5

A seguinte categoría de orientación máis frecuente é a científico-técnica (548 rexistros), que xunto coa ético-social suman 1313 rexistros, case a metade do total.

Atendendo a como se distribúen as distintas categorías de orientación por cabeceiras (ver figura 4.2), destaca que para todas as cabeceiras domina a orientación ético-social, mentres que para *O Correo Galego* o enfoque predominante é o político.




Figura 4.1

Tamén é significativo que para o *Faro de Vigo* a orientación *catástrofe* supera en proporción, e mesmo cuantitativamente, os valores acadados por esta categoría nos demais xornais. Isto pode deberse a que o *Faro de Vigo* é un xornal fortemente implantado nun territorio moi poboado (as rías baixas), onde o vertido do *Prestige* tivo un grande impacto a todos os niveis, a pesar de que finalmente o fuel non chegou a entrar nas rías.

4.2. ILUSTRACIÓNS

As ilustracións proporcionan gran cantidade de información e constitúen un elemento de apoio dos textos xornalísticos cada vez máis usado. No entanto, o número de rexistros con ilustracións non debe usarse directamente como indicativo da importancia que o xornal atribúe a un determinado feito informativo. É o caso dos artigos de opinión e das cartas ao director, que apuntan a ampla repercusión mediática e social dun determinado tema mais raramente inclúen ilustracións.

Dentro das ilustracións, as distintas categorías (fotografía/retrato, mapa/gráfico e infografía) indican un diferente grao de elaboración e, por tanto, unha consideración diferente dos temas por parte do medio. Así a inclusión de *mapas* e/ou *gráficos* e, sobre todo, de *infografías* implican unha maior dedicación ou esforzo de redacción que a inserción de fotografías de axencias.

Orientación por xornais					
	<i>La Voz</i>	<i>O Correo</i>	<i>Faro de Vigo</i>	<i>El Progreso</i>	<i>La Región</i>
Ético/social	301	73	172	129	90
Política	165	78	131	28	28
Científica	154	75	149	112	58
Catástrofe	117	62	155	42	23
Lexislativa	88	49	63	22	21
Económica	83	28	56	10	10
Outras	11	13	3	7	9
Saúde	11	5	11	8	4
Educativa	11	1	5	0	0




Figura 4.2



Viñeta de J. Tomás.
La Voz de Galicia, 23/11/2002

Figura 4.3

Na figura 4.4 represéntanse as distintas categorías de ilustración por cabeceira, e obsérvase que o apoio gráfico predominante para todos os xornais son as fotografías. O modelo de rexistro non recolle se as fotografías son propias ou de axencia, aínda que no caso de *La Voz de Galicia* a maioría das imaxes, e nomeadamente as de portada, son de reporteiros propios (Xurxo Lobato e outros).

As demais categorías de ilustración (infografías, mapas/gráficos e outros) teñen unha frecuencia considerábel no *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*, cabeceira que inclúe tamén numerosas viñetas como apoio gráfico dentro do texto (recollidas como outros), mentres que hai moi pouca presenza destas tres categorías en *O Correo Galego*.

Prestige. Ilustracións				
	Foto/Retrato	Infografía	Mapa/Gráfico	Outros
<i>La Voz</i>	438	55	71	43
<i>O Correo</i>	276	2	1	2
<i>Faro de Vigo</i>	376	51	42	11
<i>El Progreso</i>	191	14	8	0
<i>La Región</i>	147	10	23	1
Total	1428	132	145	57

SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E SOCIEDADE





Figura 4.4

4.3. FONTES DE INFORMACIÓN

As fontes de información confírenlle calidade e credibilidade a un texto xornalístico. Para este estudo dividíronse en catro categorías: *revistas* (publicacións especializadas), *outros medios e axencias de prensa* (incluíndo os boletíns oficiais e publicacións non científicas), *institucións* e *voces expertas*. Esta última categoría, *voces expertas*, abrangue as persoas citadas como fontes de información en calquera eido (política, economía, sociedade...), non correspondéndose co “experto” nun sentido estrito.

Como se pode observar nas **figuras 4.5 e 4.6**, a maioría das fontes corresponden á categoría de *voces expertas e axentes sociais*. En xeral isto indica un maior esforzo por acceder directamente ás fontes e redactar unha información propia por parte dos xornalistas (facilitado tamén polas tecnoloxías da información), en contraste co uso de fontes secundarias como as revistas ou as axencias.

Aínda que a categoría de *voces expertas e axentes sociais* fai referencia ao suxeito individual que actúa como fonte de información (unha científica, unha mariscadora, un político), considerouse necesario clasificalas por procedencia co fin de facer unha análise máis detallada (**ver figura 4.7**).

A maioría das voces expertas na cuestión do *Prestige* proveñen do eido administrativo e político –en conxunto un 55%–, fronte aos sectores directamente afectados polo vertido (mariñeiros, mariscadoras) –un 17%– e aos integrantes da comunidade científica (institutos de investigación e universidades) –en conxunto un 11,5%–. Na figura 4.8 detállanse as principais voces expertas de administracións.

<i>Prestige</i>. Fontes de información			
Revistas	6	Con fontes	1579
Outros medios e axencias de prensa	230	Sen fontes	1092
Institucións	298		
Voces expertas e axentes sociais	1473	Total	2671




Figura 4.5

Prestige. Fontes por xornais

	<i>La Voz de Galicia</i>	<i>O Correo</i>	<i>Faro de Vigo</i>	<i>El Progreso</i>	<i>La Región</i>	Total
Revistas	2	4	0	0	0	6
Outros medios e axencias de prensa	44	105	75	3	3	230
Institucións	97	62	56	41	42	298
Voces expertas e axentes sociais	446	285	390	204	148	1473

Fontes Prestige por xornais





Figura 4.6

Prestige. Voces expertas por categorías**Figura 4.7**

Seguindo coas fontes de información, dentro da categoría *institucións* analizouse a frecuencia de aparición dos principais organismos e entidades (ver figura 4.9), indicando o número de referencias a cada unha delas.

Do mesmo xeito que ocorría coas *voces expertas*, son as distintas administracións, encabezadas pola española, as que aparecen máis citadas. Chama a atención a escasa presenza das confrarías, sendo un dos sectores máis directamente afectados. Tamén é significativo que os centros de investigación estranxeiros (Instituto Hidrográfico Portugués, Ifremer, Le Cedre...) tripliquen en número de referencias (41) os centros de investigación españois (Instituto Español de Oceanografía, Instituto de Investigacións Mariñas...) con 13, pese ao traballo realizado por estes últimos dende o comezo da crise. Así mesmo hai que sinalar a escasa presenza de fontes da universidade (7).

Prestige. Voces expertas de administraci3n		
Experto/a	Cargo	N.º de referencias
Mariano Rajoy	Vicepresidente primeiro do Goberno	177
Alcaldes de concellos afectados		122
Enrique L3pez Veiga	Conselleiro de Pesca	79
Manuel Fraga Iribarne	Presidente da Xunta	74
Arsenio Fern3ndez de Mesa	Delegado do Goberno en Galicia	58
Francisco 3lvarez Cascos	Ministro de Fomento	58
Jos3 Mar3a Aznar	Presidente do Goberno	56
Jaume Matas	Ministro de Medio Ambiente	48
Loyola de Palacio	Comisaria de Transportes e Enerx3a	38
Miguel Arias Cañete	Ministro de Agricultura e Pesca	33
Responsables institucionais doutras Autonom3as		26
Carlos del 3lamo	Conselleiro de Medio Ambiente	23
Federico Trillo	Ministro de Defensa	18
Franz Fischler	Comisario de Agricultura e Pesca	5

Figura 4.8

5. CONCLUSI3NS

A repercusi3n que a cat3strofe do *Prestige* ten na sociedade galega refl3ctese tam3n nos medios de comunicaci3n, de xeito que podemos dicir que esta 3 sen d3bida a *noticia do ano 2002*. O volume de rexistros xerados durante un per3odo de 47 d3as (2671) 3 m3is do dobre que os xerados para o t3pico *Vacas tolas* (1011) durante todo o ano 2001 no *Informe Quiral*.

En xeral a cobertura que todos os medios fan deste tema 3 moi ampla, mant3ndose como noticia principal dende o comezo, feito infrecuente para un tema de car3cter ambiental (3inda que con evidentes implicaci3ns socioecon3micas).

Das cinco cabeceiras analizadas, *La Voz de Galicia* e o *Faro de Vigo* destacan pola s3a implicaci3n no tratamento informativo da cat3strofe, amosando en xeral un maior esforzo editorial e un maior grao de elaboraci3n nos textos, fronte a outras cabeceiras.


***Prestige*. Fontes de institucións máis citadas**

Figura 4.9

Este esforzo editorial faise patente no número e tratamento das portadas (noticia de saída e tempo de permanencia), que para o tema do *Prestige* supón un caso excepcional na historia do xornalismo galego. Outro indicativo da prominencia deste suceso é a importante proporción de rexistros do xénero interpretación (reportaxes, crónicas e entrevistas) e, sobre todo, do xénero opinión (cartas, artigos e viñetas), que dan a medida da repercusión social do *Prestige*, en comparación cun período estándar (os meses de abril e maio).

En canto ao enfoque das noticias sobre o *Prestige*, a orientación ético-social é a que presenta un número maior de rexistros para todas as cabeceiras, agás para *O Correo Galego*, no que a categoría con maior número de rexistros é a política.

No apartado de apoio gráfico predominan as fotografías en todas as cabeceiras. No entanto, as categorías de infografía e mapa/gráfico, indicadoras dun maior grao de elaboración, están mellor representadas nos xornais *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*.

Como fontes de información máis citadas, as voces expertas do ámbito institucional acadan o 42,7% das referencias, en contraste coa pouca representatividade dos expertos de organismos científicos-técnicos (8,6%) e, sobre todo, de universidades (2,9%), malia a implicación dos investigadores en todo o referente á cuestión do *Prestige*.

Na análise das fontes é tamén significativo que, para a categoría de institucións, os centros de investigación doutros países –Instituto Hidrográfico (Portugal), Ifremer e Le Cedre (Francia)– tripliquen en presenza os organismos científicos españois (Instituto Oceanográfico, Instituto de Investigacións Mariñas, CSIC en xeral).



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

+ SECCIÓN DE ANTROPOLOXÍA CULTURAL +
SECCIÓN DE ARQUITECTURA + SECCIÓN DE
COMUNICACIÓN. Arquivo de Comunicación +
SECCIÓN DE DEREITO GALEGO + SECCIÓN DE
CULTURA GALEGA NO EXTERIOR. Arquivo da Emigración
Galega + SECCIÓN DE LINGUA. Centro de Documentación
Sociolingüística de Galicia + SECCIÓN DE MÚSICA E ARTES
ESCÉNICAS. Arquivo Sonoro de Galicia + SECCIÓN DE PATRIMONIO
HISTÓRICO + SECCIÓN DE ARTES PLÁSTICAS + SECCIÓN DE
PATRIMONIO NATURAL + SECCIÓN DE CIENCIA, TÉCNICA E
SOCIEDADE + SECCIÓN DE LITERATURA E INDUSTRIAS DA EDICIÓN

CONSELLO DA CULTURA GALEGA.

PAZO DE RAXOI, 2º ANDAR. PRAZA DO OBRADOIRO. 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA.

TEL. 981 95 72 02 FAX 981 95 72 05 • WEB <http://www.consellodacultura.org>